

**COLECCION DE CANTIGAS  
DA MAHIA**

Recollidas por  
Don Lois Tobío Campos

Brión, 31 de outubro de 1880

1.- Abelliñas de Miguel,  
todas cargadas de mel  
e de mel e de melacho,  
revírate de culacho ! (1)

2.- Abelliñas de Miguel,  
todas cargadas de mel  
de mel e de madura (sic),  
vírate, José, de cú ! (2)

3.- Ábreme as portañas,  
ábreme o postigo;  
dame do teu lenzo,  
ai, meu ben !,  
que veño ferido.

- Pois si ves ferido  
ves en mala hora,  
que as miñas portañas  
non se abren agora.

- Si a ninguén as abres  
ábremas a mín;  
son un pobre cego  
que veño a pedir.

- Dalle pan ó cego,  
dalle pan e viño,  
dalle pan o cego,  
que siga o camiño.

- Eu non quero pan  
nin tampouco viño;  
quero que a sua filla  
me amostre o camiño.

- Anda, vai, meniña,  
colle roca e liño,  
vai co pobre cego  
mostrarlle o camiño.

- Adios, miña casa !  
Adios, miña terra !  
Adios, miña nai,  
ai, meu ben !,  
que este bóo (sic) pasar era ! (3)

4.- Ábrete, pedriña dura,  
ábrete, porta do adro,  
serás miña sepultura.

5.- Acabade esa bailiña,  
acabade ese bailar,  
acabade esa bailiña  
que me quero ir deitar.

6.- A campá ten boa voz;  
ás meniñas de Brión  
para cantar dounas Dios.

7.- A Castilla van os homes,  
a Castilla por ganar;  
Castilla queda na terra  
para quen quer traballar.

8.- Achégate aquí a min  
que estou acatarruada  
de unha mazán que comín.

9.- Acorchégame a polainiña,  
acorchétame a polainá,  
acorchétame a polainiña  
que de aquel lado xa está.

10.- Adios, adios, non;  
adios, ben da miña vida,  
prenda do meu corazón.

11.- Adios, feira do Cotón,  
adios, carballo grande,  
onde se vende o xabrón.

12.- Adios, feira do Cotón,  
feira de perder o tempo,  
onde se van pasear  
catro cabezas de vento.

13.- Adios, martes de antroido,  
adios, meu amiguiño;  
Hastra domingo de Pascua  
(xa) non como máis touciño. (4)

14.- Adios, martes de antroido,  
adios, meu amiguiño;  
Hastra domingo de Pascua  
non volvo a comer touciño.

15.- Adios, meu ben querer;  
tanto a auga dá na pedra  
que a fai amolecer.

16.- Adios, miña meniña,  
tua nai onte coceu;  
dame un anaco de bola  
pola nai que te pareu.

17.- Adios, moza do pano;  
o pano comprado está:  
non che custou tres pesetas  
que che custou vinte réas.

- Se custou vinte réas  
vai e ponos no sombreiro;  
ha de ser con condición  
que llos volvas ó tendeiro.

- Ó tendeiro non llos volvo  
que me causa moita risa;  
para loito ben me basta  
cinta negra na camisa.

- Cinta negra na camisa  
non teño nin a quero;  
para loito ben me basta  
cinta de terciopelo.(5)

18.- Adios, nenas de San Xusto,  
atendé o frade Pedro  
que caeu do campanario  
e rompeu o probe un dedo.

19.- Adios non cho direi;  
Santiago quedou cheo  
de caraveles do rei.

20.- Adios, ponte da feira,  
adios, carballo grande,  
donde se vende a manteiga.

21.- Adios, que che me hé de ir;  
dame a tua man direita  
que me quero despedir.

22.- Adios rios, adios fontes,  
adios regatos pequenos,  
adios, casa dos meus pais,  
non sei cando nos veremos.

23.- Adios, virásme ver,  
pois cartas son escusadas  
para min, que non sei lér.

24.- A estopa non e lán;  
quen me dera ser estopa  
que tantos bicos lle dan !.(6)

25.- A fuliada gorenta:  
quedaronme as castañolas  
no cesto da ferramenta.

26.- A fuliada vai boa;  
quedaronme as castañolas  
no carabelo da broa.

27.- A fuliada de hoxe  
mañán ha de ser sonada;  
ela que sea que non  
a min non se me dá nada.

28.- Agora que ven a leva  
de levar os homes todos,  
lévanme o meu queridiño,  
lévanme a vista dos ollos.

29.- Agora que ven o tempo,  
o tempo das esfolladas,  
hei de comer coas nenas  
catro castañas asadas.

30.- Agora que ven a noite  
veu a miña alegría  
para ver os meus amores  
que nonos vin polo día.

31.- Agora que vou e veño,  
meniña, o teu lugar,  
tornarásme esa cadela  
que non fai senon ladrar.

32.- Agora xa non se usa  
pedir a filla a seu pai,  
senon entrar pola porta:  
- Eih, meu sogro, como vai ?.

33.- Ahí ven a molla  
cun carro de esfolla;  
ábrelle a porta  
que toda se molla.

34.- Ahí ven os mozos da rúa,  
ahí ven os camanduleiros;  
pensan de enganar as nenas  
coas cintas dos seus sombreiros.

35.- Ai do allo, ai do allo,  
ai do allo, ai da cebola;  
ai do allo, ai do allo,  
nunca eu do allo fora !.

36.- Ai, Maruxiña,  
non vaias á herba  
que ven o vento, Maruxa,  
e toda cha leva;  
toda cha leva,  
lévacha toda.  
Ai, Maruxa, Maruxa,  
non seas tola !.

37.- Ai, que noite de luar,  
ai, que noite queridiña,  
de coller e sementar.

38.- Ai que pernas para medias,  
ai que pes para zapatos,  
ai que corpiño tan feito  
para bicos e abrazos !.

39.- Ai que piñeiro tan alto,  
ai que boas piñas ten !.  
De baixo non se lle chega,  
arriba non vai ninguén.

40.- Airiños, airiños, aires,  
airiños da miña terra;  
airiños, airiños, aires,  
airiños, levaime a ela !.

41.- Ai roxiña, roxiña do pelo  
ven conmigo mazalo centeo;  
o centeo, o centeo, a cebada,  
ai roxiña, miña namorada !. (7)

42.- A la puerta estamos  
i cantar queremos:  
si nos dan lisencia  
escomenzaremos;  
es descortesía  
i desobediencia  
ponerse a cantar  
sen pedir lisencia.

.....

A noitiña de Nadal,  
noite de moita alegría,  
camiñando vai José  
e maila Virxe María.  
Camiñan para Belén  
por ver si chegan con dia.  
Cando a Belén chegaron  
toda a xente dormía,  
soio o probe porteiro  
que estaba na porteiría.

- Ábreme as portas, porteiro,  
a José e a María.

- Eu as portas nonas abro  
hastra que chegue o dia.

O porteiro é descortés  
e ten pouca cortesía;  
estreveuse a perguntar  
cando a Virxe paría.

- Nin pare para esta noite  
nin para a que viría.  
Ás doce da noite  
a Virxe parido tiña.  
Pareu un lindo neniño  
que o mundo resplandecía.  
Tanta era a súa probenza  
que hasta pañales non tiña.  
Baixou un anxel do ceo  
cantando Ave María.  
Pergúntalle o Padre Eterno  
que tal quedaba a parida.  
- A parida queda boa  
na súa cama recollida. (8)

43.- Algún dia algo, algo;  
agora, malpocadiño,  
xa non me queren as nenas  
porque vou acabadiño.

44.- Algún dia ben cantei,  
algún dia cantei ben;  
agora xa me malvei. (9)

45.- Algún dia, nos meus tempos,  
fun labrador algúns anos;  
sementei lindos cariños  
e collín tristes enganos.

46.- Algún dia por te ver  
abrín portas e ventanas;  
agora por non te ver  
todalas traio cerradas.

47.- Algún dia por te ver  
dei unha volta na rua;  
agora darei diñeiro  
por non ver a sombra tua.

48.- Aloméame, candil,  
que me quero ir á cama.  
Como che hei de alomear  
se non es a miña dama ?.

49.- Alumea cunhas pallas:  
veralo crego sin ollos,  
a criada sin pestanas.

50.- A lua está encuberta  
con pano de tafetán;  
amores que ben me queren  
nesta terra non están.

51.- A Mahia todo ten:  
boa mazán, boa pera,  
boa meniña tamén.

52.- A mazá do alcipreste  
quena coma morrirá;  
quen falar cos meus amores  
a moito se estreverá.

53.- A miña barriga doime,  
eu ben sei o que ela quer:  
cuartillo e medio de viño  
e casar cunha muller.

54.- A miña muller é miña,  
ela é miña muller;  
teño un salgueiro na horta,  
roia nél canto quixer.

55.- A miña muller é vella  
e funa enterrar ó rollo;  
cando paso por alí  
sempre me chisca de ollo. (10)

56.- A miña muller é vella,  
enterreina no palleiro,  
deixeille un braciño fora  
para tocalo pandeiro.

57.- Amores, cortei un dedo,  
amores, mui ben cortado;  
quen ten o mal que o xema  
que a min non me dá coidado.

58.- Amores, ó lonxe, ó lonxe,  
ó preto calquera os ten;  
tamenos eu teño lonxe,  
por eso quérolles ben.

59.- A muller de Roque Troque  
anda bailando na eira;  
Roque Troque está mirando  
como se a muller peneira.

60.- A muller de Roque Troque  
non ten faldra na camisa;  
se Roque Troque llo sabe  
non se vai a ter coa risa.

61.- A muller do ferreiro  
moito traballiño leva:  
de dia malla no ferro,  
de noite o ferreiro nela.

62.- A muller do Xarandaina  
e mais outra bandoleira  
meteron a meu hirmán  
debaixo da borrarleira.

63.- Ándate, bico de mula,  
cabeza de cirigüela;  
inda me dixeron onte  
que cajabas na mantela.

64.- Ándate, pernas de cabra,  
pantorrillas de carneiro,  
para contestar conmigo  
busca fianza primeiro.

65.- Ándate, pernas de cabra,  
pantorrillas de carneiro;  
si queres cantar conmigo  
busca fianza primeiro.

66.- Ándate, pernas de cabra,  
pantorrillas de conexo,  
para contestar conmigo  
véxoches pouco despexo.

67.- Ándate, tapón cativo,  
boca de medio canado,  
a nariz de garda espello,  
ollos de gato raxado.

68.- Andiveche de tumbaloureiro  
e fixéchela cama no chan  
e botáchela manta por riba  
e molláchela panderetiña  
que a tiñas sequiña do vran.

69.- Andresiño, meu Andrés,  
debíache catro cartos,  
agora déboche tres.

70.- Anillo de cinco pedras,  
a do medio xa saltou;  
asi lle salten os ollos  
a que mo anillo dou.

71.- Anillo de ouro macizo  
salta fora do meu dedo,  
que tí fóchelo causante  
de eu ter amores tan cedo.

72.- Ano Novo  
con ben veñas  
cos años  
e coas ovellas  
e o sol por riba das tellas,  
cos cabirtos e coas crabas,  
cos años e coas ovellas,  
cos galáns e coas madamas  
e as cuncas coas culleres  
e os homes coas mulleres.  
Quando Dios quixo nacer  
todo o mundo a escrarecer  
non quixo nacer en torre  
nin en casa de señor,  
que foi a nacer a Belén  
onde había moito ben,  
onde había un boi manso,  
unha mula maliciosa.  
Pregoneiros de Nadal  
por aquí viches pasar  
un neno de sete días nado.  
Déanolo aguinaldo  
por San Pedro e por San Paulo  
e tamén por San Bernaldo  
que temos moito que andar:  
as tres partes de Galicia,  
o reino de Portugal;  
Galicia a andaremos,  
Portugal o deixaremos.

Esta casa encaleada  
por de dentro e por de fora;  
o señor que nela vive  
por moitos anos a more.  
Por de fora e por de dentro  
por moitos anos a more  
o señor que mora dentro.  
As ventanas son de vidro,  
os marcos son de nogal;  
o señor que nela mora  
era de sangue real.  
Que veñan se han de vir  
a ducia e media de ovos  
e touciño pra os frexir.  
Chúmbala, chun, chun,  
que loritón. (11)

73.- Anque che son das Mariñas  
non che son das de Betanzos;  
anque che son das Mariñas  
non che vendo garabanzos.

74.- Anque che son de Barcala,  
anque che son barcalesa,  
anque che son de Barcala,  
por eso non che me pesa.

75.- Anque che son moreniña  
éche do polvo da eira;  
verásme para domingo  
feita unha caraveleira.

76.- Anque cho como sin unto  
non cho como sin touciño;  
ándate, cara de cocho,  
téñoche pouco cariño.

77.- Anque son de tras do toxo,  
criada na carrasqueira,  
tamen sei beber o viño  
como as que son da ribeira.

78.- Anque tua nai me dera  
unha vaca cun becerro  
non me casaba contigo,  
pestanda de cocho negro.

79.- Anque veño a esta aldea  
veño por pasar un pouco;  
o demo levoume un choio,  
agora xa teño outro.

80.- Antón era eu,  
andaba na danza;  
non sei que lle veu  
nin que lle viría:  
cunha nena nova  
casare quería.

81.- Antoniño, meu Antón,  
meu irelo de conguir,  
ben te vir cair no río,  
non che poden acudir.

82.- A perdiz anda no monte,  
o perdigón no balado,  
a perdiz anda decindo:  
- Ven acá, meu namorado !.

83.- Apertei unha carreira  
para pillar unha lebre,  
pillei unha costureira.

84.- Aquela vella do demo,  
atentada do pecado,  
botou as berzas no pote,  
remexeunas cun forcado.

85.- Aqueles do outro lado  
son os que cantan millor;  
malo catarro lles pegue,  
pedí a Noso Señor.

86.- Aquel do sombreiro branco  
que o trai repenicado:  
Dios me dera a saber  
será de íl, será emprestado.

87.- Aquel que vai pola ponte  
leva polainas de liño  
e os calzóns de somonte.

88.- Aquí, nenas, aquí todas,  
aquí mo habés de dar,  
aquí, miñas queridiñas,  
diñeiro para gastar.

89.- Aquí, nenas, aquí todas,  
darredor do meu sombreiro;  
heivos de casar a todas  
se tendes moito diñeiro.

90.- Aquí todas non están;  
van na Virxe do Corpiño,  
han de vir pola mañán. (12)

91.- A raíz do toxo verde  
é mui mala de arrigar;  
tamén o primeiro amor  
é mui malo de olvidar.

92.- Arrechégate, meu ben,  
arrechégate, arrechégate,  
senon arrechégome eu.

93.- Arriba, non podos mais;  
non chegan os meus sospiros  
alcanzalos vosos ais.

94.- Arrina o palomar;  
se Marica vai no río  
para min non vai lavar.



95.- Arriba, pandeiro roto,  
abaixo, manta mollada;  
donde estamos as mulleres  
os homes non valen nada.

96.- Arriba, pandeiro vello,  
abaixo, manta mollada;  
onde estamos as mulleres  
os homes non valen nada.

97.- Arrieiriños, adios;  
aunque me quedo peinando  
non me peino para vos.

98.- Arrimeime a un pino verde  
por ver si me consolaba;  
o pino, como era verde,  
de verme chorar, choraba.

99.- Arrola, meniño, arrola,  
se non queres calar, chora;  
canta, meniño, canta,  
que mañán has de ir á Santa  
e se cantas ben  
has de ilo outro tamén.

100.- A rula que viudou  
xurou de non ser casada,  
nin pousar en ramo verde,  
nin beber da iauga crara.

101.- Asentaivos, abufé:  
xa me doi o corazón  
de vos ver estar de pé.

102.- A señora vai na misa,  
o señor vai no sermón;  
á señora caille a saia,  
ó señor caille o calzón.

103.- As meniñas de Boel  
pon o pé na iauga crara,  
non se lles quere avolver.

104.- As meniñas de Lamiño  
traguén prata no pescozo;  
as meniñas de Cabreiros  
traguén barbas de raposo.

105.- As meniñas de Lamiño  
traguén prata nas orellas;  
as meniñas de Cabreiros  
traguén cagadas de ovellas.

106.- As meniñas de Samón,  
corbatiña, corbatiña,  
faldras na camisa non.

107.- As meniñas de Alqueidón,  
refaixo sobre refaixo,  
faldras na camisa non. (13)

108.- As meniñas son de prata,  
heinas de saber dourar;  
se ben tocan o pandeiro  
millor saben traballar.

109.- As mociñas de San Fins  
elas para todo son,  
para cantar e bailar  
e turrar polo ligón.

110.- A subía, que vai vento,  
tamén eu asubiaba  
cando era do teu tempo.

111.- As patillas non son rendas;  
home de moitas patillas  
todo é piollos e lendias.

112.- Auga do Pilar da Cruña,  
auga de lindo beber;  
quen ten amores ó lonxe  
máis lle valera no-os ter.

113.- Auga do Pilar da Cruña,  
és moi doce de beber;  
quen ten amores ó lonxe  
máis lle valera no-os ter.

114.- A Virxe da Cerca vaise,  
o cabildo vai con ela;  
panadeiriñas da praza  
víndevos despedir de ela.

115.- A xiada desta noite  
caeu no masaricón;  
se non ques ser malmulada  
non me deas ocasión.

116.- Bailador, baila coela  
que che ten unha cariña  
coma unha Madanela.

117.- Bailador, baila de duro,  
se romperelos zapatos  
aqui tes un peso duro.

118.- Baila quedo, baila quedo,  
non me rompalos zapatos,  
que anque son de cordobán  
tamén me custan os cartos.

119.- Baila, queridiño, baila  
cun amor que xa foi meu;  
agora róelle os osos  
ca carne cominlla eu.

120.- Baila ti, meu bailarín,  
unha volta polo medio,  
outra darredor de min.

121.- Baloqueiros da montaña,  
se querés a boa moza  
baixai ó chán de Barcala.

122.- Barcalés, barcaleseiro,  
quen me dera un barcalés  
para tocalo pandeiro !.

123.- Ben te podes alabar:  
leváchela millor moza  
que había neste lugar.

124.- Ben venida de chegada,  
esa tua ben venida  
é rache mui deseada.

125.- Bertolo ten unha flauta  
e a muller ten un violó;  
cando a muller se lle enfada  
tócalle a flauta Bertolo.

126.- Bertolo ten unha gaita  
e a muller ten un violó;  
cando a muller se lle enfada  
tócalle a gaita Bertolo.

127.- Boa terra é a miña  
que se dá o trigo nela  
como no chán da Mahia.

128.- Bótalle unha ribeiriña,  
bótalle unha ribeirana,  
bótalle unha ribeiriña  
ó teu amor, Mariana.

129.- Bota se tes que botar;  
inda teño un saco cheo  
e outro por desatar.

130.- Bota tranchos, bota tranchos,  
bota tranchos na sartén;  
bota tranchos, bota tranchos,  
bota para min tamén.

131.- Botei o corvo no rio,  
boteina a branquear;  
o que é negro de nación  
mal se pode remediar.

132.- Botei o pandeiro ó mar  
que estas son as mazarocas  
que esta noite hei de fiár.

133.- Botei un limón correndo,  
na tua porta parou;  
cando o limón ten amores,  
que fará queno botou !.

134.- Botei un toxo no lar,  
toxo negro para min:  
queimeille as barbas ó home,  
agora rínse de min.

135.- Cala, Dilores,  
cala, bien mio,  
deixa que corra  
l'auga del rio.  
L'auga del rio correrá,  
l'auga del rio correrá,  
la de la fonte baixará.  
Cala, Dilores,  
cala ben mio  
deixa que corra  
l'auga del rio. (14)

136.- Campanas de Bastabales,  
cando vos oio tocar  
mórrome de soledades.

137.- Campanas de Bugallido,  
cando vos oio tocar  
revíraseme o sentido.

138.- Cando canto, canto gordo,  
cando quero, delgadiño;  
cando quero tamén canto  
mui ben adonairadiño.

139.- Cando canto, canto rabias,  
quenas oi ben as entende;  
doume Dios habilidá  
de comprar a quen me vende.

140.- Cando chove e fai sol  
anda o demo por Ferrol  
con un saco de alfileres  
para picarlle ás mulleres.

141.- Cando me salín da casa  
miña nai díxome así:  
meu fillo, non fagas caso  
de quen nono fai de ti.

142.- Cando miña nai casou  
co home que agora ten  
era no tempo das uvas,  
inda me eu acordo ben !.

143.- Canta, Mariquiña, canta,  
na portela da Revolta;  
canta, Mariquiña, canta,  
que o teu cantar non ten volta.

144.- Cantan os galos ó dia,  
o relós dos namorados;  
volos que andades de noite  
non vos pille descoidados.

145.- Cantan os galos pró dia,  
érguete, meu ben, e vaite.  
Como me hei dir, queridiña,  
como me hei dir e deixarte !.

146.- Canta, que che hei de axudar;  
favores que non merezo  
inda chos hei de pagar.

147.- Canta, que che hei de axudar;  
se che malmulan de min  
deixémolos malmular.

148.- Canta, rula, na gaiola,  
canta rula, canta rula,  
que mañán vas para fora.

149.- Canta rula naquel souto;  
coitadiño do que espera  
polo que está na man de outro.

150.- Canta se sabes cantar:  
inda teño un saco cheo  
e outro por desatar.

151.- Canta, Xoaniña, canta,  
que nas torres de Altamira  
ouví a tua garganta.

152.- Cara de cañoto seco,  
ti non te metas conmigo  
que eu contigo non me meto.

153.- Cara de tiracandil,  
tírate da miña porta,  
barriga de tamboríl.

154.- Carballeira de San Xusto,  
carballeira derramada;  
naquela carballeiriña  
perdín a miña navalla.

155.- Carpinteiro, faime un tallo  
que me quero montar nel;  
se non mo fas ben feitoño  
vai con Dios ti e máis él.

156.- Carreiteira abaixo vai,  
en Santo Domingo entrei  
e por Pedro Calvo Crespo,  
carpinteiro, preguntei.

157.- Carreiteira abaixo vai,  
en Santo Domingo entrei  
e por Pedro Pardo Crespo,  
carpinteiro, preguntei.

158.- Casadiña de tres dias,  
quen che levou as cores;  
nin casada nin solteira  
nunca chas tuven millores.

159.- Case cantas, case bailas,  
case dás o pé lixeiro,  
case me fas arrimar  
as miñas máns ó pandeiro.

160.- Case ten o pé lixeiro !.  
Como me fai avivar  
as miñas máns no pandeiro.

161.- Castañas do teu asado  
non chas quero, non chas quero,  
que me cheiran ó torrado.

162.- Castañas do teu magusto,  
non chas quero, non chas quero,  
que me cheiran a chamusco.

163.- Catro cornos para o Norte,  
catro para o vendaval,  
catro pra quen me malmula,  
catro pra quen me quer mal.

164.- Chamáchesme moreniña,  
tranquiña vaite lavar;  
pensas que non teño amores,  
inda chos podos emprestar.

165.- Chamáchesme moreniña  
e non me asañei por eso;  
na feira todo se vende  
cada cousa no seu precio.

166.- Chamáchesme pouca roupa;  
se tes moita teu porveito;  
teño menos que despir  
á noite cando me deito.

167.- Chamáchesme Tairanana  
á vista de tanta xente;  
agora vaime quedar  
Tairanana para sempre.

- Esa si que xa vai boa,  
galán, que a ti dixeches;  
se non sabelo camiño  
volves por onde viñeches.

168.- Chégate alá non me tentes,  
non poden velos meus ollos  
mozos solteiros sin dentes.

- O camiño ben cho sei  
que o estou vendo de aquí,  
mais pirmeiro hei de gozar  
unha rosa coma ti.

169.- Coma miña nai ningunha,  
lévame a miña camisa  
dentro das mangas da sua.

- Unha rosa coma min  
se non é podía ser;  
o galán que tanto sabe  
debía de saber lér.

170.- Cómenme os piollos,  
róenme os xonllos  
e a cama é curta,  
todo se me xunta.

- Nin sei lér nin escribir  
nin tampouco entrar en roda  
que inda teño daprender  
na tua escoliña nova.

171-Como colebrexan as troitasno rio  
esi colebrexa teu corpo frofido;  
como colebrexan as troitas na iauga  
esi colebrexa a tua cara, salada.

- Na miña escoliña nova,  
guapo, será maravilla;  
guapo, ti que lle fixeches  
ó diñeiro de Castilla.

172-Como coscolean as troitas no rio  
esi coscolea teu corpo frofido;  
como coscolean as troitas na iauga  
esi coscolea a tua cara, salada.

- O diñeiro de Castilla,  
queridiña, tes razón  
que os gastamos os dous  
na taberna do mesón.

173.- Con esta miña gaitiña  
as mozas hei de enganar:  
non sean elas toliñas,  
non veñan ó meu tocar.

- Se os gastache no-os gastaras,  
que non chos mandei gastar;  
guapo das doce damas  
cal delas has de gozar.

174.- - Con licencia de teus pais  
e mais da señora tia,  
eu quixera perguntar  
este galán a que viña.

- Se son o das doce damas,  
meniña, que tes con eso;  
se son o das doce damas  
ti éla de menos precio.

- A que viña eu cho direi  
sin che nagala verdá:  
veño por pasalo tempo,  
recreo da mocidá.

- Que son a de menos precio,  
queridiño, ben cho sei;  
se son a de menos precio  
pra onde compre venderei.

175.- Crie - leisón,  
Criste - leisón,  
cartos ó queixón.  
Santa María  
ora per nobis;  
cantan os cregos  
e inchan os foles.

176.- Custureira melindrosa  
que ó palacio vai coser,  
canto gana polo dia  
a noite vaino beber.

177.- Custureira, na camisa  
non quero tanta labor,  
que non son filla de crego  
nin tampouco de señor.

178.- Custureira nona quero,  
se ma dan créllome dela:  
canto pillo hai na rua  
dorme na cama con ela.

179.- Custureira nona quero,  
teselana non ma dan;  
a filla dun labrador  
téñoa coma na man.

180.- Custureiriña bonita  
ó palacio vai coser;  
na primeira escaleira  
xa lle deron que facer.

181.- Dame a tua man esquerda  
que cha quero eu apertar,  
porque a tua man dereita  
xa ti tes a quen lla dar.

182.- Dame da pera que comes,  
da mazán un bo cachiño,  
da tua boca unha fala,  
do corazón un cariño.

183.- Debaixo da auga nacen  
cousiñas que saben ben;  
eu tamén me vou criando  
para amparo de alguén.

184.- Debaixo do lavadoiro  
donde Maripepa lava  
topei un anillo de ouro  
nunha mazán colorada.

185.- Déchesme un anillo de ouro  
todo roido dos ratos;  
a quen lle déchelos bicos  
dalle tamén os abrazos.

186.- Déchesme unha pera parda  
i unha masán xoaneira,  
déchesme pola ventana,  
Dios cho pague, chalnisqueira(15)

187.- Déchesme unha pera verde,  
nin a comín nin a dei,  
que a teño no madureiro  
por non che perdela lei.

188.- Déixame ir, déixame vir,  
deixa no portal a rama,  
déixame durmir un pouco,  
meniña, na tua cama.

189.- Déixame ir, que logo veño,  
déixame ir botala auga  
a unha cortiña que teño.

190.- Déixame ir que vou depresa  
coa auga de regar;  
mañán é dia de festa,  
falatemos de vagar.

191.- Dia de San Agustin,  
todos se casan e velan,  
miña nai, casaime a min.

192.- Dia de San Manoel,  
hei de estrenar un vestido  
da color do caravel.

193.- Dia de San Xoan alegre,  
meniña vaite lavar,  
pillarás auga do páxaro  
antes de que o sol raiar;  
tras o abreinte do día  
a iauga fresca catar  
da iauga do paxariño  
que saude che a de dar.  
Corre, meniña,  
vaite lavar,  
ia fresca iauga  
de esta amañecida  
cor de cereixa  
che ten que dar.  
Se arraiara, se arraiara,  
todalas meigas levará.  
Xa arraiou, xa arraiou,  
todalas meigas levou.  
Peladas eran,  
peladas serán  
todalas meigas  
que andan polo chan.  
Peladas son,  
peladas eran  
todalas meigas  
que andan pola terra.(16)

194.- Dime ti, miña meniña,  
que ben o has de saber:  
a cinta de namorar  
de que color ha de ser.

195.- Din - dan.  
Quen - morreu ?.  
Morreu - Xan.  
Quen lle - toca ?.  
Seu - irmán.  
Quen lle - chora ?.  
Sua - aboa.

Como - fai ?.  
Din - dan.

196.- Dios che dea fortaleza  
dendesda cama á tomba,  
dendesda tomba á ilesia

197.- Disme que non teño amores  
nos arrabales da vila;  
se os teño nono nego  
e do hospital para riba.

198.- Dis que che berran na casa  
porque falas ti conmigo:  
conta que de ese traballo  
eu te librarei se vivo.

199.- Doime a barriga con fame,  
o corazón con franqueza,  
as pernas fan caravillas,  
tamén me doi a cabeza. (17)

200.- Do rio, daquela banda,  
hai unha raparigiña,  
moitos recados me manda.

201.- Eh, meniño, eh !.  
Papá vai na vila,  
vai mercar café.

202.- Elas de Laiño son;  
collen o xunco nas brañas,  
vano vender a Padrón.

203.- En Lamiño hai boas mozas,  
en Cabreiros ganas de elas,  
en Castrigo cabezudas,  
en Guitiande espadelas.

204.- Entra guapo a bailar,  
chama a que che parecer,  
a min déixame quedar.

205.- Eres alta como un pino,  
delgada como un chantón:  
quen te ha de querer a ti,  
demonio de lubión !.

206.- Esa bailiña de catro,  
acabade esa bailiña  
que quero tomar tabaco.

207.- Escrebinche unha carta,  
a pruma era de palla,  
nela che mandei decir  
se estabas necesitada.

208.- Escrebinche unha carta  
na ala de un paxariño;  
se me ti tuveras lei  
eu che tuvera cariño.

209.- Ese pandeiro que toca  
era de coiro de ovella;  
inda onte comeu erbas,  
hoxe toca que arrabea.

210.- Esos teus ollos, meniña,  
son lancetas de sangrar,  
os meus che queren dar vida,  
os teus me queren matar.

211.- Es tan branca como o leite,  
colorada como o trigo;  
se non te rouban de noite  
de dia non tes peligro.

212.- Estando cosendo  
na miña almoada,  
miña agulla de ouro,  
meu dedal de prata,  
miña tixeiriña  
de folla de lata.

Pasa un caballero,  
pídeme pousada;  
meu pai era vello,  
non me dixo nada.

.....  
De tres irmáns que eramos  
a min me levou;  
no medio do monte  
el me preguntou  
que nome me puxo  
quen me bautizou.

.....  
Ai !, na miña terra  
Irena me chaman;  
agora na casa  
triste e malfadada.

.....  
Sacou un puñal  
e alí me matou;  
cuberta de toxos  
alí me deixou.  
De alí a sete anos  
por alí pasou.

.....  
- Patorciños novos  
que andades co gando,  
que imaxe é aquela  
que está nese adro ?.  
Esa é Santa Irena  
que o traidor matou;  
cuberta de toxos  
alí a deixou.

- Miña Santa Irena,  
meu amor primeiro,  
dádeme saude  
no brazo dereito !.-

- Como cha hei de dar,  
tirano e traidor,  
si ti me mataches  
sin pena e sin dor ?.(18)



213.- Estando na miña cama  
deitada co meu home  
ninguén me pode privar  
de rañar o que me come.

214.- Esta noite e maila outra  
e máis a que xa pasou,  
meu laranxiño de China,  
quen vola rama cortou ?.

215.- Esta noite ha de chover  
que turra do vendaval;  
déixame meter, meniña,  
o carro no teu pallal.

216.- Esta noite hai unha fía,  
tamén hai unha espadela;  
miña nai, lávame a cofia  
que me quero ir a ela.

217.- Esta noite hei de ir alá,  
esta noite alá hei de ir;  
déixame as portas abertas  
que contigo hei de dormir.

218.- Esta noite na moida  
ha de haber o que ha de haber:  
ha de haber cabezas rotas,  
a miña non ha de ser.

219.- Esta noite no muiño  
ha de haber o que ha de haber:  
as pedras do tremiñado  
han de ir ó rio beber.

220.- Esta vai por de remate:  
quen dixer que non vai boa  
que mala morte o mate.

221.- Esta vai por derradeira:  
Nosa Señora do Carme  
sea nosa compañeira.

222.- Este ano hai moito trigo,  
casamentos ha de haber:  
que se ha de casar a fame  
con a gana de comer.

223.- Este cantariño novo,  
que no trougo a esta terra ?.  
Un zapateiro de Noia  
na punta de unha subela.

224.- Estou rouco, beno sinto,  
que me fixo enrouquecer  
un vaso de viño tinto.

225.- Estreliña do luceiro,  
quen ten amores non dorme  
senon o sono pirmeiro. (19)

226.- Estudante lareiro  
que estudias detrás do lar;  
cando te hei de ver, lareiro,  
dala volta no altar.

227.- Eu a ti quéroche ben;  
solo me falta saber  
se me ti queres tamén.

228.- Eu a todos quero ben,  
tamén quero unha meniña  
que me quer a min tamén.

229.- Eu ben vin estar a morte  
comendo unha piña de uvas;  
vaite de ahí, morte negra,  
desamparo das viudas.

230.- Eu ben vin estar o cura  
na pola dun castiñeiro  
cunha subela na man  
daprendendo a zapateiro.

231.- Eu bonita non cho son,  
fea non me quer ninguén:  
coitadiña da bonita  
que tanto traballo ten !.

232.- Eu casei e viudei,  
todo foi no mes de maio;  
que fortuna foi a miña  
ter duas festas no ano !.

233.- Eu caseime cunha vella  
pola moeda:  
o diñeiro acabouse  
a vella queda.

234.- Eu caseime cunha vella,  
seica o demo me atentou:  
por sela primeira noite  
toda se me estarricou.

235.- Eu caseime na montaña  
porque había moito pan;  
o forno da miña sogra  
bota silvas polo vran

236.- Eu caseime no Araño  
coa filla de un arañón;  
ela moi rica non era,  
probe si, honrada non.

237.- Eu caseime por un ano  
por saber que vida era;  
o ano vaise acabando,  
solteiriña quen me dera !.

238.- Eu e mailo meu Antón  
onde estamos arraiamos,  
onde non estamos non.

239.- Eu non te miro de lado  
que te miro de ladeira:  
outros millores que ti  
roldan a miña cañeira.

240.- Eu se canto, canto ben,  
canto coa miña garganta,  
non canto coa de ninguén.

241.- Eu téñoche cinco camisas,  
todas cinco son de liño,  
tamén teño cinco amores  
na aldea de Lamiño.(20)

242.- Eu teño cinco xustillos,  
todos cinco emballenados;  
tamén teño cinco amores,  
catro viven engañados.

243.- Farruquiño está na cama  
cunha tunda que lle deron;  
cala, Farruquiño, cala,  
que pouco mal che fixeron.

244.- Farruquiño foise, foise,  
e limpou as ferraduras;  
quen ha de chorar por el,  
quen ha de botar bagullas ?.

245.- Farruquiño, meu amor,  
estudias para crego,  
seralo meu confesor.

246.- Fixeche unha saia  
moi repenicada,  
por riba de seda,  
por baixo rachada.

247.- Folla de loureiro branco  
eu ben a vin rebulir;  
quen por min perdeu o sono  
agora pode durmir.

248.- Fuches a Vilagarcía,  
fuches e non viches nada,  
non viches bailalo sol  
cunha mazán colorada.

249.- Fuches falar mal de min  
a quen tanto me quería  
sabendo que aquela xente  
a min todo me decía.

250.- Fun á casa non sei onde,  
encontrei con non sei quen,  
atopei con Xamentendes,  
non me poido acordar ben.

251.- Fun a fonte catar auga,  
nunca tal auga nacera (sic);  
déronme unha puñelada  
na miña cofia de seda.

252.- Funme indo por alí abaixo  
fiando na miña roca;  
veu un paxariño pinto,  
cagoume na mazaroca.

253.- Funme por alá arriba  
á terra dos maragatos;  
atopei un home vello  
todo roido dos ratos.

254.- Fun ó muiño  
do meu compadre;  
fun polo vento,  
vin polo aire.

255.- Fun ó muiño con Paula,  
fun con Paula e vin con ela;  
fun ó muiño con Paula  
e durmín no brazo dela.

256.- Gaio - miñado,  
que levas - no papo ?.  
Leite - pisado.  
Quen - cho pisou ?.  
María - do Rei.  
Cálate - cálate,  
que eu - llo direi !.

257.- Garda, miña filla, garda,  
o gardar sempre foi bo:  
a chupa que leva o novio  
xa foi do pai do abó.

258.- Hai tres días que non como  
senon bágoas por pan:  
estes son os desamores  
que os meus amores me dan.

259.- Hastra Santiago irei:  
de Santiago pra riba  
bágoas que botarei.

260.- Heiche de amar, paxariño,  
heiche de amar, gurrión,  
heiche de amar, paxariño,  
de día, de noite non.

261.- Heiche de dar, queridiña,  
heiche de dar perindengues;  
heiche de dar, queridiña,  
aquele que xa me entendes.

262.- Hoxe luns, mañán é martes,  
carta feira logo ven;  
de mañán en oito días  
é a semana que ven.

263.- Ide ó demo que vos cante:  
para quen entrou no baile  
teño cantado bastante.

264.- Inda che hei de botar unha,  
inda che hei de botar catro,  
inda che hei de botar unha  
que te hei de botar tabaco.

265.- Inda che hei de botar unha,  
inda che hei de botar outra,  
inda che hei de botar unha  
que che ha de queimala roupa.

266.- Indo alá por non sei onde  
hai un san non sei que santo;  
rezándolle non sei que  
ganábase non sei que tanto.

267.- Indo polo campo abaixo  
díxolle o novio á novia:  
Como che está o refaixo !.

268.- Indo polo campo arriba  
díxolle o novio á novia:  
Como che está a mantilla !.

269.- Indo por alí abaixo  
como quen no quer a cousa  
atopei unha meniña,  
metinlle o gando na chouza.

270.- Indo por alí abaixo  
dei a volta ó capote;  
acordouse miña nai  
e mailas papas do pote.

271.- Indo por alí abaixo  
fiando na miña roca  
veu un paxariño pinto,  
cagoume na mazaroca.

272.- Isca dahí,  
galiña maldita,  
isca dahí,  
non me matela pita;  
isca dahí,  
galiña ladrona,  
isca dahí  
pra cas da tua dona.

273.- Ladran os cans,  
estoume na cama;  
no-ha millor vida  
que non ter nada.

274.- Luisiño, meu Luis  
onde te hei de ir esperar,  
ó camiño de Guldrís.

275.- Mala morte mate os homes,  
eu por todos nono digo:  
resalvando a meu pai,  
garde Dios ó meu marido.

276.- Manoela, miña prima,  
miña prima Manoela,  
algún dia miña prima,  
agora eu primo dela.

277.- Manoela, miña prima,  
miña segunda curmán,  
eses tiros de escopeta  
has de mirar pra onde van.

278.- Manoel feito de cera:  
quen me dera ser o lume  
que Manoel derretera.

279.- Manoel, Manoeliño,  
naceras, non te criaras,  
morreras de pequeniño.

280.- María Manoela,  
corpo deleicado,  
quen che puxo o nome,  
caravel furado ?.

281.- Maripepa na ventana,  
don Xosé no corredor;  
Maripepa se pasea,  
don Xosé moito millor.

282.- Maruxiña, Maruxeira,  
a do refaixo narelo,  
se te collo no camiño  
non che ha de valer non quero.

283.- Meniña da saia rota,  
a abertura na dianteira  
apalpada dos rapaces  
como figo na figueira.

284.- Meniña, na tua eira  
hei de cantar e bailar  
anque tua nai non queira.

285.- Meniña, ó teu refaixo  
bótalle un reberetiño;  
non llo botes amarelo,  
bótallo coloradiño.

286.- Meniñas de San Ourente,  
ben vos podés alabar;  
téndelo Santo San Campio  
vestido de militar.

287.- Meniña, se che pesou  
do amor que me tiveche,  
dame os bicos que che dín,  
volvete os que me deche.

288.- Meniña, ti élo demo  
que me andas atentando:  
cal no río, cal na fonte,  
sempre te encontro lavando.

289.- Meniña, ti telo, telo;  
dormes moitas noites fora  
por causa do parrandeo.

290.- Meu maridiño  
foise por probe,  
deixou un fillo,  
topou dezanove;  
gracias a Dios  
i a todos santos  
xiquera me dixó  
de quen eran tantos.

291.- Mingo mingacho,  
cara de cacho,  
bico de ovella,  
quen che mandou  
trebellar coa nena ?.  
Agora a nena  
está barriguda,  
xúntalle os ovos  
para a paridura.

292.- Miña boca que te abres  
ou desea de te abrir,  
adeviñas pan de boda  
ou tes gana de durmir.

293.- Miña cuñadiña nova,  
anque che pese e repese  
tua nai é miña sogra.

294.- Miña mazán colorada,  
anque río e falo a todos  
para ti estou gardada.

295.- Miña mazán colorada:  
arriba polo portelo,  
pola corredeira hai lama.

296.- Miña meniña pequena,  
pequeniña como un rato,  
heina de levar ó crego  
que ma meta nun burato.

297.- Miña nai, casade a Antón,  
bótao da casa fora:  
ten os ollos chalmisqueiros,  
todalas nenas namora. (21)

298.- Miña nai, casade ás fillas,  
eu serei a derradeira;  
por sela máis moreniña  
levarei máis unha leira.

299.- Miña nai doume unha tunda  
co aro de unha peneira:  
miña nai, teña vergonza  
que ven a xente da feira.

300.- Miña nai doume unha tunda  
e eu deille un abrazo;  
ela foi a dar-me un bico  
co-as costas dun angazo.

301.- Miña nai e maila tua  
ambas van no xubileu;  
a miña vai de mantilla,  
a tua vai de chapeu.

302.- Miña nai, miña naisiña,  
o primeiro amor que tiven  
foi unha costureiriña.

303.- Miña nai, non sei que teñen  
as froles do camposanto  
que cando o vento as abala  
parece que están chorando.

304.- Miña nai, non teño outra:  
unha mañán de xiada  
mandoume lavala roupa.

305.- Miña nai, o pote ferve,  
a vosa filla non ven:  
ela como é bonitiña  
algún galán a detén.

306.- Miña nai por me casar  
pormeteume bois e vacas;  
cando foi a dar-me o dote  
deume unha cunca de papas.

307.- Miña nai ten unto vello  
do porco que ha de matar;  
tamén ten coles na horta  
das coles que ha de prantar.

308.- Miña sogra cando berra  
ponse no cume da casa;  
ela dime: Ponte fora !.  
Eu digo: Ten boa traza !.

309.- Miña sogra cando berra  
ponse nos cornos da lua;  
ela dime: Ponte fora !.  
Eu digo: Ten boa traza !.

310.- Miña Virxe do Socorro,  
tanto me doi a cabeza,  
tanto me doi que me morro.

311.- Moita honra, moita prata:  
comelo caldo sin unto,  
dormes na cama sin manta.

312.- Monteiro, miña monteira:  
cando te poño de lado,  
cando te poño de beira.

313.- Morena, besta rabela,  
o que me aquí non axude  
que leve o camiño de ela.(22)

314.- Morreu a besta rabela:  
o que me aquí non axude  
que leve o camiño de ela.

315.- Morreu Anxelo, morreu Anxelo,  
vaia por Dios,  
pareu un neno, pareu un neno  
coma un relós.

316.- Morreuse miña naíña,  
levouna Noso Señor;  
quero voar e non podoo,  
levoume a ala millor.

317.- Moza que estás na ventana  
coas puntas do pano fora,  
retírate para dentro  
que o pano non me namora.

318.- Moza que te estás peinando  
debaixo do limoeiro:  
o cariño que me tes  
véndelo polo diñeiro.

319.- Mozo do sombreiro branco,  
beno puideras teñir;  
unha noite de luar  
hache de dar que sentir.

320.- Mozo do sombreiro branco,  
parece que tragues loito;  
tes unha nena enganada,  
aunque lle pagues no-é moito.

321.- Mozo de sombreiro branco,  
tráguelo mui galonado;  
solo me falta saber  
se é teu ou emprastado.

322.- Na miña vida me pasa:  
un home de canas brancas  
engañar unha rapaza !.

323.- Na miña vida tal vin  
na feira da Carballeira:  
vintecinco xastres xuntos  
cosendo nunha monteira.

324.- Na miña vida tal vin:  
un gato nunha ventana  
tocando nun violín.

325.- Namoreime en ti, meniña,  
porque te oín cantar ben;  
agora morro de fame,  
o cantar non me mantén.

326.- Namoreime nun soldado  
polo pan de munición;  
agora o pan acabouse,  
non quero soldado, non.

327.- Na portela da Revolta  
vale máis un amor lonxe  
que vintecinco na porta.

328.- Na saída desta aldea,  
entrada de aquel lugar  
prometeronme unha tunda,  
salga quen ma ha de dar !.

329.- Na tua porta hai lama,  
se non tes que lle botar  
bótalle a manta da cama.

330.- Nena que estás na ventana  
retírate para dentro,  
non fagas pecallos homes  
en o sexto mandamento.

331.- Nenas da miña aldea,  
axudádeme a cantar  
que estou en terra allea.

332.- Nena se vas á botica  
a comprar maxaricón,  
nena, non entres pra dentro  
que o boticario é birbón.

333.- Non botes tanto por ela,  
non teñas tanta fachenda,  
á tua porta non chegan  
tantos carretos de renda.

334.- No camiño da praza  
déronme unha puñelada,  
na miña vida me pasa.

335.- Non che canto por cantare  
nin por gana que che teña;  
canto por aliviare  
corazón de tanta pena.

336.- Non me mires, non me mires,  
que ben miradiña estou;  
o galán que me pretende  
tanto non me reparou.

337.- Non me prendas, silva verde,  
que n-estou na miña terra;  
nunca silva me predeu  
que non me vingase de ela.

338.- Non podo cantar que morro,  
non podo avivar a fala;  
o ladrón do catarrudo  
toda ma leva roubada.

339.- Non podo comer sin darche,  
nin beber sin darche a ti,  
non podo dormir un sono  
senen ó lado de ti.

340.- Non quero nada de ouro,  
nin de ouro nin de prata;  
non quero nada dos homes,  
que o aire de iles mata.

341.- Non quero - non quero,  
non quero - mallar,  
non quero - que me poñas  
a mán - na saía,  
que son - casadá,  
que si fose - solteira  
tanto - me dabá. (23)

342.- Non quero que ti me ames  
nin que te acordes de min;  
quero que fagas mamoria  
dos anos que che servín.

- Do tempo que me serviches  
non me teño que acordar:  
se che bebín algún viño  
non mo deixaches pagar.

- Se non che deixei pagar  
foi por mentres que che tiña;  
agora, se o beberes  
pagalo has, queridiña. (24)

343.- Non quero zapato baixo  
que se me enterra na area;  
non quero amores de fora  
que os teño na aldea.

344.- Non sei lér nin escribir  
nin botar o pé da roda;  
quen me dera, rapaciña,  
aprender na tua escola !.

345.- Non te acordas, queridiña,  
de aquela noite de vran ?.  
Ti contabas as estrelas,  
eu as espiñas do chan.

346.- Non te cases con viudo  
anque teña moita roupa;  
unha fala, duas falas,  
millor muller era a outra.

347.- Non te cases con viudo,  
mira que é moita baixeza,  
mira que che han de chamar  
prato de segunda mesa.

348.- Non te cases con ferreiro  
que te queiman as moxicas;  
cásate cun carpinteiro  
que fai as arcas bonitas.

349.- Non te chegues tanto a ela:  
éche unha muller casada,  
ten o marido na terra.



350.- Non teño cofia que pór  
nin camisa que vestir;  
a culpa é dos meus ollos  
que non fan senon dormir.

351.- Non te parrandéas tanto  
nin poñalo pé na porta;  
non te parrandéas tanto  
que non és tan boa moza.

352.- Nós de baixo, vós de riba  
somos tanto coma vós:  
nós comemolo carneiro,  
os cornos son para vós.

353.- O amor que ha de ser meu  
aínda está por nacer,  
inda está por bautizar  
o pai que o ha de facer.

354.- O amor que ha de ser meu  
ten de baixar de Luaña;  
ha de ter cadea de ouro  
na cabeceira da cama.

355.- O amor que ha de ser meu  
ha de ter o cu de pau,  
a barriga de manteiga,  
as pernas de bacallau.

356.- O cantar da miña terra  
cantao, nenas, cantade,  
cantao que ben me alegra.

357.- O cantar de aló de riba  
vénchenos de aló de baixo,  
que o trougueron dúas meniñas  
na bolsa do seu refaixo.

358.- O cantar de Bergantiños,  
o cantar bergantiñán,  
o cantar de Bergantiños  
en Xallas é mahián.

359.- O cantar de Bergantiños,  
o cantar bergantiñán,  
o cantar de Bergantiños  
hoxe aquí é mahián.

360.- O cantar do galleguíño  
é cantar que nunca acaba:  
empeza con lailalila,  
acaba con lailalala.

361.- O caravel cando nace  
de pequeniño resende;  
non hai cousa máis bonita  
que o home cando pretende.

362.- O caravel cando nace  
trae o bico retorcido;  
tamén os fillos dos cregos  
chaman ó pai señor tío.

363.- O carballo na devesa  
abanea, mais non cae;  
asi fai a boa nena  
que se guía por seu pai.

364.- O cariño que che teño  
e mais o que che hei de ter  
cabén na casca de un ovo  
e mais nona han de encher.

365.- O corazón de unha pulga  
queno soubera guisar !.  
Daba xantar e merenda  
e cea para cear.

366.- O coxo e mailo manco  
e tamén o escorcobado  
foron facer un bautizo  
á casa de un derreado.

367.- O crego cando pretende  
pretende nas tecelanas:  
tres Mariás, tres Antonias,  
tres Anas, tres Xulianas.

368.- O crego de Bastabales  
ten un caravel no libro  
que llo mandou de regalo  
o cura de Bugallido.

369.- O crego e maila criada  
e tamén o sancristán,  
os tres xuntos no muiño  
que boa fariña fan !.

370.- O crego e maila criada  
ordearon de cocer:  
a leña estaba no monte,  
a fariña por moer.

371.- O crego está preñado,  
que lle chían as orellas;  
agora saberás, crego,  
de que mal morren as nenas.

372.- O crego foi ó muiño,  
foi cun fol e veu con outro  
para forrar a criada  
que está parida de pouco.

373.- O crego foi ó muiño,  
meteu a cabeza dentro,  
trougo fariña na croa  
para facelo formento.

374.- O cura chamoume Rosa,  
eu tamén lle respondín:  
De estas rosas, señor cura,  
nonas ten no seu xardín.

375.- O cura da miña aldea  
cando lée no berviario,  
non se cuida das ameixas  
que lle rouban noutro lado.

376.- O cura de alá de lonxe  
ten as cirolas rachadas  
que llas racharon as silvas  
a correr tras das criadas.

377.- O cura de Bugallido  
ten as cirolas rachadas  
que llas racharon as silvas  
a correr tras das criadas.

378.- O cura ten un paxaro,  
non sei que paxaro é:  
alá pola media noite  
pónse o paxaro de pé.

379.- O ferreiro coas pulgas  
non puido adormecer;  
cerrou as portas da forxa,  
botou as mantas a arder.

380.- O ferreiro ten a sarna,  
a muller o xarampón,  
os filliños as buiñas,  
ai, Xesús, que perdición !.

381.- O gaiteiro de Bioño,  
malo costado cho mate,  
que non quer tocala gaita  
sen que lle den chicolate.

382.- O gaiteiro polo vran,  
que vida ten o gaiteiro  
coa gaitiña na man !.

383.- Oín cantar e cantei,  
oín a pasión de Cristo,  
con ela me consolei.

384.- Olvídasme por ser probe  
e vexo que tes razón:  
amor probe e leña verde  
arden cando hai ocasión.

385.- O meu amor é celoso,  
eu tamén así o quero,  
meto na manga do saio,  
sarandeo pra onde quero.

386.- O meu amoriño é xastre,  
ten sombreiro de galón:  
cando lle piden diñeiro  
???????

387.- O meu amor non me fala,  
sei que o ten de baixeza;  
é un charaviscas novo,  
dalle o aire na cabeza.

388.- O meu corazón é de ouro  
remachado a martelo;  
a maior pena que teño  
de non te ver cando quero.

389.- Ó muiño do meu pai  
eu ben lle sei o tempero:  
cando está alto, baixalo,  
e cando está baixo, erguelo.

390.- O muiño no-é muiño,  
é a capilla dos ratos  
en donde se dan os bicos  
e mailos moitos abrazos.

391.- O muiño troula, troula,  
a auga o fai troular;  
a filla do muiñeiro  
arrabea por casar.

392.- O namorar, como é ?.  
Chóscalle o ollo dereito  
trípalle a punta do pé.

393.- O palleiro busca palla  
para estrar as ovellas  
que ten a corte mollada.

394.- O pandeiro toca ben  
e as ferriñas son novas;  
o galán que anda no baile  
toca ben as castañolas.

395.- O que pregunta non erra:  
por botar o eixe ó carro,  
canto levan nesta terra ?. (25).

396.- O raposo ten mantela  
que lle deron as meniñas  
da aldea de Chancela.

397.- O rio cando vai cheo  
leva carballos e follas;  
tamén podía levar  
as linguas marmuladoras.

398.- Os bos van a servir ó rei;  
quedan os barre cañeiras,  
ten un garbo que non sei.

399.- Os canteiros pican, pican,  
pican na pedra miuda,  
pican a muller allea,  
outros lles pican na sua.

400.- Os canteiros vanse, vanse,  
vanse para Libarata;  
levan os picos de aceiro,  
hanos de trager de prata.(26)

401.- Os Domingos hei de amar:  
todolos domingos son  
dias santos de gardar.

402.- Os homes baratos son:  
trintecinco por dous cartos  
fiados hastra a Ascensión.

403.- Os homes cando pertenden  
moito mel, moita manteiga,  
e despois de casadiños  
seica os ve algunha meiga.

404.- Ós homes quérolles ben:  
allalos e pimentalos  
e frexilos na sartén.

405.- Os ramos de San Xosé  
todolos anos frolecen;  
as palabras que me deche  
donde van, que non parecen.

406.- Os soldados vanse, vanse,  
vanse por Cudeiro arriba;  
as rapaciñas de Orense  
choran que cortan a vida.(27)

407.- Os teus ollos, ollos son:  
eses teus ollos, meniña,  
leváronme o corazón.

408.- O tabaco é tabaquiño;  
os homes polo tabaco  
venden os ovos do niño.

409.- O teu querer, queridiña,  
vaiche no botar do caldo:  
para todos vas ó fondo,  
para min andas nadando.

410.- Ó teu refaixo, meniña,  
fai lle falta un encano;  
as malas lengoas do mundo  
xa cha llo teñen botado.

411.- O tocar da pandereta  
deprendeumo miña nai  
cando me tirou a teta.

412.- Ó zapato de unha sol  
logo che cai a biqueira;  
a moza que é garrida  
logo cai na ratoeira.

413.- Padre Nuestro pequeniño  
lévame por bo camiño;  
aló fun, aló cheguei,  
tres Marías atopei  
perguntando por Jesús;  
e Jesús estaba na cruz,  
e na cruz e no altar,  
cos peñños a sangrar.  
Tente, tente, Madanela,  
nonos veñas lastimar,  
que estes son os traballiños  
que por vos hei de pasar.

414.- Pandeiriño do xuez:  
toca, pandeiriño, toca,  
toca, que ben rico és.

415.- Papas de millo miudo  
feitas no pote pequeno,  
non chas quero, non chas quero,  
que me saben ó acedo.

416.- Para Barcala me hei de ir,  
as nenas son cariñosas,  
con elas hei de durmir.

417.- Para guapos, na ribeira:  
hainos de media polaina,  
hainos de polaina enteira.

418.- Para quen entrou no baile,  
para quen entrou agora,  
para quen entrou no baile  
tocarei a noite toda.

419.- Para velo vou velando:  
fixen a cama no río,  
a auga vaima levando.

420.- Pasei a Ponte do Porco,  
paseille a man polo lombo;  
meu devino San Andrés,  
o voso camiño é longo.

421.- Pasei a Ponte Maceira  
con unha vela encendida;  
agora tomei amores  
para toda a miña vida.

422.- Pasei pola tua porta,  
botei a man ó ferrollo;  
o galopín do teu pai  
meteume un pau por un ollo.

423.- Pasei pola tua porta  
co manteliño cuberto;  
ben te vín estar cagando  
co ollo do cu aberto.

424.- Paxariño gurrión,  
heite de amar, paxariño,  
de dia e de noite non.

425.- Paxariño millarengo,  
por te ver veño da vila;  
María escursidosa  
bótalle o millo na eira.

426.- Paxariño millarengo,  
por te ver veño da vila,  
por te ver da vila veño.

427.- Paxariño millarengo  
ten o niño na silveira;  
Marica escursidosa  
bótalle o millo na eira.

428.- Paxaro que vas voando  
por riba de aquil convento,  
toma e dalle esta carta  
a meu irmán que está dentro.

429.- Pedriño apedreado,  
para falar coas nenas  
pólo sombreiro de lado.

430.- Pensas que che quero ben  
porque rio para ti:  
asi Dios me leve a alma  
como me rio de ti.

431.- Pepe reepepe,  
camisa cagada,  
foi a cociña,  
comela pescada;  
comeu e comeu  
e nunca se encheu.

432.- Pepiño, Pepe Ramón,  
Pepiño da miña alma  
e máis do meu corazón.

433.- Perdona pola tardanza;  
son criada de servir,  
non me dan tanta larganza.

434.- Pereiriña do pé torto,  
dame unha pera madura  
pra lle dar á miña sogra  
que anda nos cornos da lua.

435.- Pernas de galo mariño,  
malas novas de ti vaian  
pola canle do muiño.

436.- Pesca rabuda  
da beira do mar,  
sardiña pequena  
quen te ha de levar.

437.- Pesca rabuda  
da beira do mar,  
sardiña podre,  
quen te ha de levar.

438.- Pico - mazarico  
quen che deu - tamaño bico ?.  
Doumo Dios - e San Francisco  
para picar - nos carballos,  
entre ponlas - e ramallos;  
e piquei - e repiquei,  
tres granciños - atopei  
e leveinos - ó mohiño;  
o mohiño - a moer,  
os ratiños - a comer  
e collín - ún polo rabo  
e leveino - ó mercado.  
Canto me dades - señores  
por este - porco cebado ?.  
Cen reás - e un ochavo.  
Fun por cás - da miña tia  
cando o sol - amañecía;  
doume unha - cunca de leite;  
a cunca - estaba fendida  
i a culleriña - partida.  
Fun pola - corredoiriña,  
topei unha - cornetiña  
que tocaba - que rabiaba,  
e salíronme - os ladróns  
e roubáronme - os calzóns.  
Acudide acá - mulleres,  
con gadañas - e culleres.

439.- Pobres vaquiñas miñas  
se o meu coidado  
como pesa na ialma  
pesa no carro !.

440.- Pola miña porta pasa  
un regueiro de auga fria  
para lle dar de beber  
ós amores de algún dia.

441.- Polo mar abaixo  
vai unha furniga  
cunha man na testa,  
outra na barriga.

442.- Polo mar abaixo  
vai unha pereira  
e no medio vai  
unha costureira.

443.- Polo mar abaixo  
vai unha sardiña  
que no medio leva  
outra pequeniña.

444.- Polo mar abaixo  
vai un pipotiño;  
se non leva auga  
vai cheo de viño.

445.- Polo mar de Redondela,  
polo mar abaixo vai  
quen me no corazón leva.

446.- Pólo sombreiro de lado  
porque che vexan o pelo;  
nin por eso és bo mozo  
nin has de casar máis cedo.

447.- Ponte, paxariño, ponte  
na folla da pimpinela;  
quen ten a meniña boa  
todos lle miran pra ela.

448.- Por Altamira andei  
tras de unha costureiriña;  
agora quedei sin ela  
coma a agulla sin liña.

449.- Porque non hei de cantar,  
porque no-hei de andar alegre,  
porque alegre no-hei de andar ?.

450.- Porque non te casas, Pepe ?.  
Agardo por ti, meniña,  
que fagas os dezasete.

451.- Porque non te casas, Xan ?.  
Porque as que me dan no-has quero,  
as que quero non mas dan.

452.- Prende o salgueiro de rama,  
aveneiro de raiz;  
tamén os meus ollos prenden  
no corazón de Luis.

453.- Prá sua muller  
que está parideira  
na porta da eira  
cun fillo varón  
chamado Antón  
e outro Tomasiño  
como un perillón. (28)

454.- Pretiño da Rua Nova,  
na rua da balconada,  
mataron o Arcebispo  
por celos de unha madama.(29)

455.- Púxenme a contar estrelas  
e botalas no chapeu;  
nunca lle poden dar conta  
hastra que o luceiro veu.

456.- Que campanas son aquelas  
que tocan tan delorido ?.  
Son as campanas do ceo  
que tocan porque te olvido.

457.- Que estou rouco ben o sinto,  
que me fixo enrouquecer  
un vaso de viño tinto.

458.- Que lindas nenas, Manoel,  
que lindas sonhe i olé !.  
Quérenche moito, Manoel,  
de corazonhe i olé !.

459.- Quen me compra que eu vendo  
catro cousas por un real:  
un xastre, unha costureira,  
unha agulla e un dedal.

460.- Quen me dera eu a ter,  
quen me dera un vaso de auga  
para che dar de beber !.

461.- Quen me dera un ovo choco  
para poñer na baranda  
para lle dar de beber  
ós mociños da bufanda.

462.- Quen me dera un pau de pino  
para unha lanzadeira  
se me cadra de fortuna  
tela muller tecedeira.

463.- Quen quixere ter amores  
teñaos cun home casado:  
saben gobernala vida  
e mais temperalo arado.

464.- Quen son aquiles tres guapos  
que andan bailando no medio ?.  
A pulga e mailo piollo  
e tamén o escrabello.

465.- Queridiña, con xabrón  
totalas manchas se sacan  
menos as do corazón.

466.- Queridiña, donche os ollos,  
tamén che me don os meus;  
vámolos lavar o rio  
donde a troita lava os seus.

467.- Que vida levas, gaitero,  
dendes que che ven o vran  
co tiroliro nas costas,  
o touporroutou na man.

468.- Quiridiña, donche os ollos:  
rézalle a Santa Lucía  
que chos cerre pola noite  
e chos abra polo día.

469.- Quirido, meu quiridiño;  
a cabeza no regazo  
é o primeiro cariño.

470.- Racháchela saia,  
nona remendache:  
por culpa da saia  
tunda que levache.

471.- Ramona, miña Ramona,  
asi como corre a auga,  
asi corre a tua sona.

472.- Ramonciño, meu Ramón,  
donde te hei de ir esperar ?.  
Ó camiño de Brión.

473.- Ramonciño, meu Ramón,  
donde te hei de ir esperar ?.  
Ó camiño de Padrón.

474.- Raposo, raposo  
do cu pioloso,  
non comalo año  
de Pedro Castaño,  
que vai na ribeira  
buscar a manteiga  
prá sua muller  
que está parideira  
na porta da eira  
cun fillo varón  
chamado Antón  
e outro Tomasiño  
como un perillón. (30)

475.- Ringorrango na camisa,  
ringorrango no calzón:  
quen che deu tanto diñeiro  
para tanta guarnición ?.

476.- Rosiña no-andes descalza  
que me tes un pé ferido;  
cálzate, Rosiña, calza,  
non me roubes o sentido.

477.- Sácate de aquí, agoiro,  
que mañán hei de cocer;  
se non teño barredoira  
contigo hei de barrer.

478.- Sácate de ahí,  
cara de macaco,  
tíroche unha pedra,  
fágoche un burato.

479.- Sacude ben os calzóns,  
que che caben dentro de eles  
dous ferrados de abellóns.

480.- Salta, Pedro, do balado:  
tíroche unha pedra,  
fágoche un furado.(31)

481.- San Amaro de Barouta  
veño de unha romaría  
e mañán vou para outra.

482.- Santa María de Brión;  
arredor de Santa María  
pasea o meu corazón.

483.- Santa Marta de Ortigueira:  
a muller que come a nata  
non pode ter a manteiga.

484.- Santa Marta de Ortigueira:  
a muller que come a nata  
non ten sorte coa manteiga.



485.- Santa Minia milagrosa  
sentada na sua silla  
mirando para Lamiño  
que lle parece unha vila.

486.- Santa Minia milagrosa  
sentada no seu balcón  
mirando para Lamiño,  
que lle parece Padrón.

487.- San Xoan na Carballeira,  
San Amaro en Barouta,  
San Bras na Ponte Maceira.

488.- San Xoan pideu a Cristo  
que nono adormentase  
para ver baillalo sol  
día da sua romaxe.

489.- Sarandéate, laranxa,  
sarandéate, limón;  
sarandéate, laranxa,  
pola vila de Padrón.

490.- Sarricolamparadora,  
señora de gran poder,  
déixame rañar un pouco  
que non teño que facer.

491.- Se algún día te arrepentes  
de algún ben que me fixeches,  
dame os bicos que che din,  
volveteche o que me deches.

492.- Se chove, deixa chover;  
eu ben sei o abrigado  
onde me hei de ir acoller.

493.- Sei bailar a ribeiriña  
e tamén a ribeirán;  
sei bailar a ribeiriña  
coa pandereta na man.

494.- Sei cantar e sei bailar  
e tocar o violín;  
tamén sei virar as nenas  
coa cara para min.

495.- Se lle chaman seixos  
ven o cuco e déixaos;  
se lle chaman ovos  
ven o cuco e comeos.

496.- Se me mandan ir, irei:  
se me mandan ó muiño  
o camiño beno sei.

497.- Sementei cravos no monte,  
non sei se me nacerán;  
ninguén conte coa contra (?)  
mentras nos teña na man.

498.- Sementei e non collín  
nabizas con alcacén;  
comeunas o crego todas,  
nasidas (sic) que vida ten.

499.- Señor abade de Bello,  
de Bello señor abade,  
señor abade de Bello  
quen lle debe que lle pague.

500.- Señor boticario novo,  
deme dos cartos de unguento  
para curar unha chaga  
que teño no pensamento.

501.- Se queres que a auga corra  
tíralle unha legoadá;  
se queres que o amor veña  
mándalle a carta cerrada.

502.- Si é que vades por Trasmonte  
á hora do sol poñer,  
decídelle ós seus amores  
que non se deixen morrer.

503.- Si é que vades por Trasmonte  
á hora do sol poñer,  
dirédeslle ós meus amores  
que non se deixen morrer.

504.- Si pasades por Lamiño  
levade o xerro na man;  
as meniñas de Lamiño  
nin siquera auga nos dan.

505.- Soidades danme os campos,  
as viñas, as vendimadas  
i os paxariños cantando  
nas tardes e madrugadas.

506.- Soidades levo, levo,  
das nenas de iste lugar;  
soidades levo, levo,  
tamenas deixo quedar.

507.- Solteiriño non te cases,  
mira que che ha de pesar;  
a vida dos solteiriños  
é mui mala de olvidar.

508.- Son de Muros, muradana;  
tamén sei coller a erba  
e mailo xunco na braña.

509.- Tabaco de contrabando  
teno a miña muller;  
cando eu non estou na casa  
dá de fumar a quen quer.

510.- Tanto bailei e bailei  
coa ama do cura,  
tanto bailei e bailei  
que me dou calentura.

511.- Tanto bailei e bailei  
coa gaita gallega,  
tanto bailei e bailei  
que me doi a cabeza.

512.- Tanto me doi a cabeza,  
tanto me doi, abufé,  
tanto me doi a cabeza  
que non podó estar de pé.

513.- Tanto teño de ir e vir,  
meniña, a teu lugar,  
tanto teño de ir e vir,  
de unha vez te hei de levar.

514.- Telo cantar de laverca:  
píddolle a Noso Señor  
que a boca che quede aberta.

515.- Telo cantar da papuda:  
píddolle a Noso Señor  
que a boca che quede muda.

516.- Telo sombreiro de croques,  
chaqueta de vareadas,  
polainas de rebeliscos,  
zapatos de mordiscadas.

517.- Teño de ir e non me vou,  
non me podó despedir  
de cabo de quen estou.

518.- Teño de prantar un pino  
encima do teu tellado;  
cando o pino botar frores  
hei de andar ó teu mandado.

519.- Teño de servir ó rei  
e tamén á reiniña;  
tamén fago centinela  
????????????

520.- Teño gana de fumar:  
levántate, costureira,  
mira se hai lume no lar.

521.- Teño-me de ir ó loureiro  
collela folla máis alta;  
anque ti me olvidaches  
outro millor non me falta.

522.- Teño polainas de coiro,  
tarañolas de burel,  
pra lle dar ó meu compadre  
porque zurrou á muller.

523.- Teño tres cartos e medio  
metidos nun agulleiro:  
casa conmigo, meniña,  
que teño moito diñeiro.

524.- Teño un amor que me cela,  
outro que me da diñeiro,  
outro que me desengana,  
aquil é o verdadeiro.

525.- Teño un caravel na horta,  
unha rosa na cortiña;  
o caravel non val nada,  
a rosa vai bonitiña.

526.- Teño unha erba na horta  
que lle chaman correola;  
para contestar conmigo  
fáltache un ano de escola.

527.- Teño un veciño na horta,  
máis valera ter un toxo;  
o toxo dárame leña,  
o veciño dame noxo.

528.- Teño un xuramento feito  
e mais heino de cumprir:  
que o dia do teu enterro  
non hei de cantar e rir.

529.- Ti periña i eu mazán,  
ti bonito i eu fermosa,  
casarémonos mañán.

530.- Tócalle o pito, Farruco,  
repenícalle o pandeiro  
que vai entrar a bailar  
Manoel o costureiro.

531.- Toca o pandeiro redondo,  
que vai bailala paneila  
e maila do bico longo.

532.- Todolos cregos e frades  
debían de ser queimados  
que ten fillos e muller  
coma se foran casados.

533.- Todolos homes casados  
pagan a renda do cuco;  
eu tamén paguei a miña,  
toca o pandeiro, Farruco !.

534.- Todo se me dá na man  
menos a arriga do liño  
e mais a colla do pan.

535.- Tomai tabaco, meu sogro,  
e se me habés dar a filla  
tomai tabaqueira e todo.

536.- Tómame o miniño, toma,  
tómame o miniño a min;  
tómame o miniño, toma,  
que esta noite non durmín.

537.- Tráguelo sombreiro baixo,  
beno podes ir erguendo:  
anque che son moreniña  
eu así non che me rendo.

538.- Tráguelo sombreiro largo,  
tráguelo largo sombreiro,  
Tráguelo sombreiro largo  
a uso de mariñeiro.

539.- Tres dias hai que non como  
senon bágoas por pan:  
estes son os desaunos  
que os meus amores me dan.

540.- Tua nai é unha meiga  
e teu pai un laboante;  
descendes de mala raza,  
malo fogo te levante.

541.- Un amigo por outro  
bota os ollos;  
se é amigo de lei  
bótaos todos.

542.- Un anillo me dou Xan,  
outro anillo me dou Pedro;  
como hei de sachar o millo  
con dous anillos no dedo ?.

543.- Un fillo non é fillo,  
dous fillos algo son,  
tres fillos enchen a casa,  
catro vólvena carbón.

544.- Unha noite no muiño  
cun fato de nenas novas,  
elas todas en camisa,  
eu no medio en cirolas.

545.- Unha noite no muiño,  
unha noite non é nada;  
unha semaniña enteira,  
esa si que é muiñada !.

546.- Unha pera, duas peras,  
non tiña máis o ramallo;  
unha será para min,  
outra para meu cuñado.

547.- Unha vella díxolle a outra  
polo burato da porta:  
Válgate Xuncrás, a vella  
como ten a boca torta !.

548.- Unha vella fixo papas,  
botoullas o pote fora:  
hai cen anos que foi esto,  
inda hoxe a vella chora.

549.- Unha vella fixo papas  
arredor de unha figueira:  
todos os figos bailaban  
ó son da vella gaiteira.

550.- Unha vella moito vella,  
vella coma Zaragoza,  
tratáronlle o casamento  
e de vella tornou moza.

551.- Unha vella mui revella,  
vella como o meu chapeu,  
tratáronlle o casamento  
levantou as maus ó ceu.

552.- Unha vella na Luaña  
botou un toxo no lar,  
saltoulle no zafanucho  
que llo houbo de abrasar.

553.- Unha vez era un gaiteiro  
que ía polo monte,  
queres que cho conte ?. (32)

554.- Uns corren para Castilla,  
outros corren para Cáis,  
e solo Dios é quen sabe  
en donde a fortuna está.

555.- Vai á vila coas mulleres;  
leva broa no bolsillo  
e come cando quixeres.

556.- Vaite de heí, non me tentes,  
non poden ver os meus ollos  
mozos solteiros sen dentes.

557.- Vaite de heí, Pedro Chosco,  
non me engañes á criada,  
pois nona calzas nina vistes  
nin lle pagas a soldada. (33)

558.- Válgame Dios, meu amore,  
sempre vés cando peneiro;  
se viñeras cando amaso  
fixérame un bolo enteiro.(34)

559.- Válgame Dios, que ben baila  
a do bandil (?) de zaraza;  
válgame Dios, que ben baila,  
tamén é boa rapaza.

560.- Vámonos de eiquí, meu ben  
que me tiran de pedradas:  
elas do aire non ven.

561.- Vámonos de eiquí, meus ollos,  
para San Xoan de Carballo,  
que olvidar a quen olvida  
nunca me custou traballo.

562.- Vámonos de eiquí que é hora;  
a vida dos namorados  
toda se vai en parolas.

563.- Velo lume, velo pan,  
Dios che dea boa gran,  
polo mes de San Xoan  
espigas coma rebolos  
e granciños coma ollos. (35)

564.- Véndeme os bois  
e véndeme as vacas  
e non me vendas  
o pote das papas;  
véndeme as cuncas  
e máis o cunqueiro  
e non me vendas  
o meu tabaqueiro.

565.- Ventana sobre ventana,  
sobre a venta un bido;  
o galán de moitas damas  
anda moi descolorido.

566.- Vente vindo e vente andando;  
por non perderelo tempo  
traí a roca e ven fiando.

567.- Veña o pandeiro á mar  
que estas son as mazarocas  
que esta noite hei de fiár.

568.- Veña o pandeiro a ruar  
que estas son as mazarocas  
que hoxe teño de fiár.

- O pandeiro toca ben,  
as ferriñas fanlle son,  
vivan os que amores ten.

- Vivan as mozas gallegas,  
vivan as bonitas mozas  
i os galáns da nosa terra.

- Mociñas, a bailar todas;  
mociños arriba !, arriba !,  
ti tamén, meu furabolos.

- Non te arañes, non, rapaz,  
que as nenas son para ver,  
os galáns para mirar.

- Cada ún é para o que é:  
o pan está na fouciña ...

Antoniño, saca o pé !.

- A ruada vaise armando;  
tira, Pepe, ese candil  
que están á porta chamando.

- Viran chuscós, Diolo queira,  
pro ise chama no quinteiro  
i os chuscós ven pola eira.

- Veña por onde quixere,  
toca, pandeiríño, toca,  
mais que che o coiro rabée.

- Estira a cofia, Maruxa,  
dobra as mangas da camisa  
e que o denguíño se luza.

- Inés, sacude o mantelo,  
pentea ben, que ti ben sabes,  
dalle ó brazo e xunta os dedos.

- Entra, meigo, non atruxes:  
garda Xan as castañetas  
???????????????? (36)

569.- Veño da Virxe da Barca,  
veño de abalala pedra;  
tamén vos veño de ver,  
Santo Cristo de Fisterra.

570.- Veño de botala auga,  
veño de alargala presa;  
larguei a tua conversa,  
se a larguei non me pesa.

571.- Veño de me resellar:  
cal ha de ser a meniña  
que conmigo hei de levar ?.

572.- Vós de baixo, nós de riba,  
somos tanto coma vós:  
nós comémolo carneiro  
os osos son para vós.

573.- Voume deitar a durmir;  
o que de Dios estivere  
ás miñas mans ha de vir.

574.- Xalleira de Xallas,  
vendes o trigo,  
comes cagallas.

575.- Xa me cago no alcalde  
e mais no gobernador  
e na casta das mulleres  
por ela non ser millor.

576.- Xa morrín, xa me enterraron  
debaixo das pedra frias  
e volvín resucitar  
polas tuas agonías.

577.- Xaniño é bo rapaz:  
mete a man na faltriqueira,  
toma, nena, dez reás !.

578.- Xaniño axaneado:  
para falar coas nenas  
pólo sombreiro de lado.

579.- Xoana mengana,  
muller do azor (sic),  
váiselle o tempo  
en andar derredor.

580.- Xoana, miña Xoana,  
eu perdina, eu acheina  
entre os salgueiros, na braña.

581.- Xoaniña, Xoaneira,  
dame un caravel, Xoaniña,  
da tua caraveleira.

582.- Xúia, xúia, paxariño,  
non me comalas cereixas:  
o meu marido vai fora,  
non me veña dalas queixas.

583.- Zapateiro correeiro  
come tripas de carneiro,  
mal cocidas, mal lavadas,  
córrelle a merda polas barbas.

584.- Zapateiro correeiro  
comeu tripas de carneiro  
mal cocidas, mal asadas,  
córrello o mollo polas barbas.

585.- Zapateiro correeiro,  
dame unhos zapatiños  
que non podo andar descalza  
que me pican os espiños.

586.- .....  
pau en unha,  
pau en outra,  
pau en elas todas tres.  
Presentaina margaritaina  
no camiño me agardés. (37)

## NOTAS

- 1.- De un xogo de nenos.
- 2.- Vid. nota 1. A derradeira verba do 3º verso non está crara.
- 3.- O derradeiro verso está confuso.
- 4.- Posibelmente falle un xa no comenzo do verso 4º.
- 5.- Anaco de un desafío ou de un parrafeo. Nótese o leixaprén.
- 6.- Variante, en terceto, da tan coñecida: “Quén me dera ser o liño ...”.
- 7.- Cecais no 2º verso debera ser “mallalo centeo”, xa que o centeo non se maza; o que se maza é o liño.
- 8.- Parez ser unha mistura de varias composicións.
- 9.- Non se enxerga ben o senso da derradeira verba.
- 10.- O rollo é a picota. Curiosa variante de cantigas contra as mulleres, que outras veces aparecen apricadas ás sogras.
- 11.- Aparez no verso 19 a voz pregoneiros cecais por erro, pois coido que debería ser pegoreiros.
- 12.- Lémbrese que á Virxe do Corpiño levan ós enmeigados pra esconxuralos.
- 13.- Vid. a cantiga nº 106.
- 14.- Nota de Tobío no manuscrito: “Das tecedeiras de Padrón”.
- 15.- Vid. Glosario, s.v. chalmisqueiro.
- 16.- Nota marxinal de Tobío: “Murguía: Ilustración, tomo 3º, 352”.
- 17.- No orixinal decía no 1º verso: “Doime a cabeza” e aparez correxido na forma “Doime a barriga”.
- 18.- En nota marxinal: “Murguía: Hª. Gª. I I . T. I - 1ª edic. Ilustrac.<sup>on</sup>”.
- 19.- No orixinal aparece repetida esta cantiga coa soia variante de dicir nunha sono e na outra soño, cunha nota marxinal que dí: “sueño = sono. ensueño = soño”.
- 20.- Seguramente o 1º verso sería “Eu teño cinco camisas”, sendo un erro a trascrición do manuscrito. A verba final (camisas) non está crara.
- 21.- Vid. nota 15.
- 22.- Cecais, o mesmo que a seguinte, de uns responsos dos burros.
- 23.- O 2º verso aparez coma “non quero mallar”, anque coido que debera ser: “non quero bailar”.
- 24.- Vid. nota 5.
- 25.- Comenzo de unha cantiga máis longa. Eiquí falla a resposta.
- 26.- Trátase de Santa Liberata.
- 27.- Cantiga importada. Resulta curioso que conserve os topónimos.
- 28.- Falla algo, pois así non ten senso. Aparez máis completa na cantiga nº 474.
- 29.- Nota marxinal de Tobío: “1366. Del viagero en Santiago por Moreno”.
- 30.- Vid. nota 28.
- 31.- Vid. cantiga nº 478.



- 32.- Enredo semellante ó conto da boa pipa.
- 33.- Pedro Chosco é a persoalización do sono nas terras da Mahía.
- 34.- Nota marxinal: “Ilustra<sup>on</sup> “
- 35.- Semella un esconxuro agrícola.
- 36.- Intresante parrafeo en triadas.
- 37.- Remate da cantiga das “Tres comadres”. Eiquí falla o comenzo.

## GLOSARIO

acatarruada	Curiosa forma, cecais de tipo popular e familiar, da normal <u>acatarrada</u> .
adonairadiño	Derivado de donaire, diminutivo de <u>adonairado</u> .
bagullas	Belido diminutivo de <u>bágoas</u> .
bailiña	Baile pequeno, semellante a <u>bailadiña</u> .
baloqueiro	Balocas son as patacas cocidas, especialmente con casca. Tamén chaman balocas nalgúns sitios ás castañas. <u>Baloqueiro</u> pode tamén derivarse de <u>baloco</u> , pan pra ir de ronda os mozos.
barcalés - barcaleseiro	Duas formas da mesma verba: natural de Barcala. Moi intresante a segunda.
bareadas	Por, cecais, <u>vareadas</u> . Podería ser mallada a golpes de vara ou tamén conxunto de ourizos que se mallan de unha soia vez. O senso da cantiga sería “chaqueta derramada, coma se lle houberan dado de paus”.
buiñas	O nome de buiñas dásele a unha caste de ameixas, mais na nosa cantiga cecais sexan algo semellante ás vexigas. En Cotovade dín esta cantiga coa variante. “os fillos ten as vexigas/Ai, Xesús, que perdición!”
burel	Pano grosso, ordinario, de cor parda.
cañeira	Nalgúns sitios chámase <u>quinteiro</u> ou <u>quintairo</u> : é o anaco de camiño diante da casa que se ten estrado de toxos pra que se vaian curtindo e usalos despois coma estrume prás herdades.
cañeiros	Homes <u>cañeiros</u> , equival a rondadores, afeitos a andar de noite polas <u>cañeiras</u> en procura das mozas. Noutra cantiga (nº 398) chámaselles <u>barre cañeiras</u> .
catarrudo	Forma familiar e humorística de catarro. Vid. <u>acatarruada</u> .
chalmisqueiro	Duas veces aparez esta verba no cancionero da Mahía, unha delas na forma <u>chalnisqueira</u> , anque coído que esta é un erro do copista. Semella cubrir un campo semántico análogo a <u>churrusqueira</u> . En Bolaño (Castroverde) dín: “a nena que está no medio / ten ollos charramusqueiros”.
chalnisqueira	Vid. <u>Chalmisqueiro</u> .
charaviscas	Semellante a inquedo, de pouco fundamento.
chuscos	Graciosos, ledos. De esta verba derívase a forma <u>chusquiño</u> , moi ben feito, tanto en persoas coma en obxetos.
cirigüela	Parez unha voz creada a base de <u>cirolas</u> , mais compre ter en conta que se trata de unha cantiga de desafío e pode por elo ser unha verba creada por mor da concordancia.

croques	Bultos. Niste caso, sombreiro con irregularidades que o deforman. Lémbrese que <u>croques</u> son os <u>berberechos</u> e a verba que comentamos da nome ó célebre Santo dos Croques, na catedral de Compostela.
encano	Remendo, remerendiño ou reberetiño.
escursidosa	Aparez esta voz en dúas cantigas (núms. 425 e 427); nunha non está crara no manuscrito, mais na outra sí. Semella unha variante de <u>cursidosa</u> , curiosa, coidadosa.
gorenta	Gozosa, chea de atraccións. Trátase de unha fermosa verba pouco coñecida.
irelo	Haina nalgúns sitios coa forma <u>erelo</u> . É a cinta pra cinguir o mandil.
laboante	Descoñezo esta verba. De ela dime Fraguas: “Paréceme, pro non me fagas caso, ter escoitado ‘loboante’. Laboante é un ser misterioso, ten que selo polo que dí a copla, algo así coma son os nubeiros, os lobisomes. É a verba que máis me chama a atención por poder ter valor mitolóxico”.
lubión	Angula
madureiro	Sitio disposto pra que mature algunha froita que se pode coller verde, coma as mazáns, algunhas castes de peras e outras. Algo semellante haino pras castañas, mais niste caso chámanse <u>sequeiros</u> .
malvei	De <u>malvar</u> , rematarse a gracia. Antonio Fraguas recolleu nas terras de Ponte Maceira iste dito: “A malvela nin collela, nin pisala nin pasar por riba de ela”. Na cantiga debe siñificar unha persoa estragada pola malvela.
masaricón	Vid. <u>maxaricón</u> .
maxaricón	De dúas formas aparez empregada esta verba: <u>maxaricón</u> e <u>masaricon</u> . Iñoro cal de elas é a correcta na Mahía.
mordiscadas	Poderían ser zapatos repenicados, mais o carácter satírico da cantiga parez sinalar que se emprega no senso de rabuñadelas. Véxanse empregas do mesmo xeito <u>croques</u> , <u>bareadas</u> , <u>rebeliscos</u> , na cantiga nº 516.
paneila	Non está moi crara esta verba no manuscrito, mais parez ser como vai dada eiquí. Iñoro totalmente o seu siñificado; dende logo non parez empregada coma lomeada, xa que está escrita no orixinal con minúscula.
rebeliscos	Feridas miudas, coma feitas polos toxos. Vid. <u>mordiscadas</u> .
resalvando	Fermosa verba equivalente a exceptuando, deixando a salvo, aparte de, etc.

somonte	Pano ordinario, basto, ó natural. Na cantiga (nº 87), de senso satírico, dise que os calzóns son de somonte e as polainas de liño, cando en boa lóxica debería ser á inversa.
tarañolas	Nalgúns sitios son as castañolas, mais eiquí non son tal cousa. Parez indicar unha prenda do traxe, xa que dí: “tarañolas” de burel. Vid. <u>burel</u> .
tranchos	Certa caste de peixes.
xarampón	Forma local de sarampión ou sarampelo.
zaraza	Tea de algodón moi fina e delicada.

## TOPONIMICO

Alqueidón	Lugar na parroquia de Santa María dos Anxos, no concello de Brión.
Altamira	Hai varios lugares co nome de Altamira: ún en San Pedro de Feás (Aranga); outro en San Xoan de Anceis (Cambre) e outro en San Pedro de Bradomil (Zas). Foi tamén unha antiga xurisdición antre o río Tambre e Rocha, Noia e San Xusto.
Altamira, Torres de	En Brión quedan os restos de unha vella forteza que se coñecen co nome de Torres de Altamira.
Araño (Santa Eulalia)	Parroquia no partido xudicial de Padrón, concello de Rianxo.
Barca, Virxe da	Vid. Virxe da Barca.
Barcala	Foi unha vella xurisdición. Hai tamén varias localidás coiste nome en Cambre, Nos, Barcala, etc.
Barouta (San Amaro)	Santuario na parroquia de Santo Tomás de Amés (Negreira); celébrase níl unha festa en honra de San Mauro o día 15 de Xaneiro.
Bastabales	Duas parroquias, San Xulian e San Salvador, levan iste nome no concello de Brión, partido xudicial de Negreira.
Bello	Lugar na parroquia de San Pedro de Corcoesto, concello de Cabana.
Bergantiños	Vella xurisdición do norde da Cruña, na que estaban os portos de Caión, Malpica e Corme.
Betanzos	Antiga xurisdición, cabeza de unha das sete provincias da Galiza. Betanzos era a vila cabeceira de ela.
Bioño	Vid. Vioño.
Boel	Lugar na parroquia de San Pedro de Outes, concello de Outes.
Brión	Concello na provincia da Cruña, no que se atopan varios lugares coiste nome.
Bugallido	Hai un Bugallido (San Pedro) no concello de Negreira e outro, (tamén San Pedro) no concello de Arco.
Cabreiros	Lugar na parroquia de San Fiz de Brión, do concello de Brión.
Carballeira, Feira da	Hai na provincia da Cruña varios lugares co nome de Carballeira nas parroquias Somozas, Riba e Monfero.
Carballo, San Xoan	Parroquia, concello e partido xudicial na provincia da Cruña.
Castrigo	Lugar na parroquia de San Xoan de Ortoño, concello de Amés.
Cerca, Virxe da	Vid. Virxe da Cerca.

Chancela	Lugar na parroquia de Santiago de Xubia, no concello de Melide.
Corpiño, Virxe do	Popular romaría nas terras de Lalín, á que levan de cote ós enmeigados pra lles tirar os diaños.
Cotón, Feira do	Quinta na parroquia de Santa Cruz de Montelongo, no concello de Arco.
Cudeiro	Parroquia de San Pedro de Cudeiro, nos arredores de Ourense.
Fisterra, Santo Cristo de	Vila da parroquia de Santa María de Fisterra, na que se atopa unha imaxe do Santo Cristo, de moita devoción en toda a Galiza.
Guitiande	Lugar da parroquia de Santa María dos Anxos, no concello de Brión.
Guldrís	Atopamos o nome de Guldrís nas parroquias de Santa Sabina de San Xulián, San Simón de Cacheiras, San Fiz de Brión e Santa María de Rendal.
Laiño	San Xoan de Laiño e San Xulián de Laiño son dúas parroquias do concello de Dodro, no partido xudicial de Padrón.
Lamiño	Lugar na parroquia e concello de Brión.
Liberata, Santa	Vid. <u>Santa Liberata</u> .
Luaña, San Xulián	Parroquia do concello de Brión e partido de Negreira.
Mahía	Vella xurisdición na provincia de Betanzos, composta polas parroquias de Amés, Boullón, Cobas, Ons e Viceso.
Mariñas	Comarca natural na provincia da Cruña, de rico e fértil chan.
Muros	Vila da vella xurisdición da provincia de Santiago, na ria do seu nome.
Nantón	No manuscrito lése <u>Samón</u> , mais parez un erro do copista; neste caso podería tratarse de Nantón, na parroquia de San Mamede do Monte, no concello de Baña.
Noia	Cabeza da vella xurisdición do seu nome, baixo o padroado de San Martiño.
Ortigueira	Santa Marta de Ortigueira, parroquia do concello do seu nome. A sua cabeza é a vila de Ortigueira.
Orense	A cidade de Ourense tivo e ten sona na Galiza pola devoción á imaxe do Santo Cristo, que nela se venera.
Padrón	Cabeza de partido xudicial e concello do seu nome, onda o seaugue do río Ulla.
Pilar da Cruña	Non puiden atopar ningunha referencia que acrare a alusión á auga de esta fonte.

Ponte do Porco	Lugar da parroquia de Santa María de Miño, no concello de Castro.
Ponte Maceira	Lugar da parroquia de San Lourenzo de Agrón, no concello de Amés.
Redondela	Vila da ría de Vigo, cabeza de partido xudicial e cos concellos de Borbén, Nos, Redondela e Soutomaior.
Revolta, Portela da	Os tres lugares que coñecemos con nome de Revolta están na provincia de Pontevedra e corresponden ás parroquias de Noalla, Nantes e Besomaño.
Rua Nova	A coñecida rua da cidade de Santiago. A cantiga na que se cita parez ter contido histórico (nº 454).
Samón	Anque a lectura está crara, coido que é un erro de trascrición que debía de ser Nantón.
San Fins	Pode ser San Fins de Caberta, anexo de Coucieiro, no concello de Muxía, anque tamén podería ser San Fins de Salovio.
San Ourense	É San Ourense de Entines, no concello de Outes, lugar famoso polas romarías nas que se cura o meigallo. O San Campio está nunha furna, vestido de traxe antigo, a xeito de soldado román. Na base da furna ten unha lenda que dí: VERDADERO RETRATO DEL GLORIOSO MARTYR SAN CAMPIO / CUYO CUERPO SE VENERA EN LA PARROQUIAL DE SAN OURENTE DE ENTINES DIOCESIS DE SANTIAGO.
Santa Liberata	Na cantiga nº 400 aparece na forma <u>Libarata</u> .
Santa Minia	Don Lois Tobío levou pra San Fiz de Brión unha imaxe de esta santa, á que logo fixeron unha capela, tendo hoxe unha romaría das máis soadas da comarca.
Santiago	Non precisa espricadeiras a capital relixiosa da Galiza, á que se refiren sempre as cantigas nas que figura esta entidade.
San Xusto, Carballeira de	Famosa carballeira na parroquia de San Xusto de Toxos Outos, que pertesce a dous concellos: parte ó de Lousame e outro ó de Noia.
Trasmonte	Duas parroquias teñen iste nome na provincia da Cruña: San Estebo e Santa María, nos concellos de Oroso e Amer. No primeiro, ún dos seus lugares ten o mesmo nome.
Vilagarcía	Antiga Arealonga, na costa da ría de Arousa, vila central da súa comarca.
Vioño	Atópanse tres lugares de iste nome na provincia da Cruña: ún na parroquia de Sofán, outro na de Chamín e outro na de Viñas.
Virxe da Cerca	É a Virxe da Praza de Abastos de Santiago. A fachada de San Agustín ten na súa hornacina a Virxe da Cerca e fai uns anos apareceu unha

imaxe de pedra, pequena, que foi colocada na parede do Convento da Enseñanza fronteira ó muro da Praza de Abastos e preto das Trompas. A cantiga nº 114 parez que fai referencia a un feito histórico, no que sacaron a imaxe do lugar que tiña e levárona pra lonxe. As panadeiras que na cantiga se citan tiñan fama pola bondade do pan que vendían na dita Praza.

Virxe da Barca      Nosa Señora da Barca, ermida na parroquia de San Xoan de Bardullas, anexo de Santa María de Muxía e partido xudicial de Corcubión.

Xallas                Duas parroquias co nome de San Pedro de Xallas atopamos na provincia da Cruña, unha no concello de Aro e outra no de Santa Comba.